

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE NOVIEMBRE DE 2021.

(Versión anonimizada (Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais))

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día tres de novembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 26 DE OUTUBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 26 de outubro de 2021.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 21 de outubro de 2021, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -Dirección Xeral da Costa e o Mar-, de formalización de contratos. Obxecto: Contrato de servizos para o cumprimento do programa de vixilancia ambiental, control, vixilancia e coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, TTMM varios (A Coruña). Expediente: 15---0792. BOE do 26-10-2021.

- Orde do 21 de outubro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 12, do 20 de xaneiro). DOG núm. 207 do 27-10-2021.
- Orde do 21 de outubro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG núm. 207 do 27-10-2021.
- Anuncio do 21 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre M.P.M.R. e M.A.C.G. o día 23 de outubro de 2021 ás 13.00 horas. BOP núm. 205 do 27-10-2021.
- Anuncio do 21 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 22 de outubro de 2021. BOP núm. 205 do 27-10-2021.
- Anuncio do 21 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá. BOP núm. 207 do 29-10-2021.
- Editto do 28 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública dos padróns/matriculas do prezo público polas prestacións de apoio á autonomía persoal e atención a dependencia (PAAD), en concreto polo servizo de axuda no fogar municipal por libre concorrencia e polo servizo de axuda no fogar municipal para persoas con grao recoñecido de dependencia correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021. BOP núm. 209 do 03-11-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
15/09/2021	1653	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de 3 horas á semana (agás festivos) e fins de semana durante 2 meses.	***4927**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data	Nº	TEMA	Persoa	Obxecto da axuda	Importe
------	----	------	--------	------------------	---------

2 de 5

C.I.F. P-1503100-H

da resolución	resolución		beneficiaria		
13/09/2021	1342	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****1572*	Pago dos recibos de electricidade correspondente ao periodo do 14/02/2021 ao 15/07/202. Recibo de gas correspondente ao periodo do 14/02/2021.	340,26€ 38,22€,
13/09/2021	1643	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***0111**	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2020.	
14/09/2021	1644	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***0366**	Pago do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2021. Recibo de luz correspondente ao mes de xullo de 2021.	69,61€ 37,05€
14/09/2021	1645	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***6838**	Pago do recibo de gas correspondente ao periodo do 09.06.2021 al 10.08.2021.	23,50€,
15/09/2021	1646	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***3595**	Pago do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2021. Recibo de luz correspondente al periodo do 10/05/2021 ao 31/05/2021(39,44€), 31/05/2021 ao 9/6/2021 (12,78€) e do 9/6/2021 ao 13/07/2021(57,45€.	92,61€ 202,28€
16/09/2021	1657	Concesión dunha axuda económica.	***6570**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2021 (320€/mes) e parte do recibo de agosto de 2021 (169€).	1129€

16/09/2021	1658	Concesión dunha axuda económica.	***3121**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo e abril (400€/mes) e parte do recibo de maio de 2021 (329€).	1129
16/09/2021	1659	Concesión dunha axuda económica.	***7205**	Pago de hipoteca, correspondente a meses do ano 2021.	1129€
1660	16/09/2021	Concesión dunha axuda económica.	***8833**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2021 (340€/mes) e 9€ do recibo do mes de agosto de 2021.	1129€
16/09/2021	1662	Concesión dunha axuda económica.	***2315**	Pago do recibo da hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro (31€) e de febreiro a abril de 2021 (366€/mes).	1129€

C.I.F. P-1503100-H

AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE: Actividade profesional

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

Programa de dinamización comunitaria

Reapertura dos “Espazos de encontro” nos centros sociais :

A área de Benestar social reabre o día 3 de novembro todos os “Espazos de encontro” de libre acceso nos centros sociais do concello adaptándose ás derradeiras directrices da consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de xeito que sempre se cumpra o protocolo covid-19 en vigor en cada momento.

Estes espazos volverán a retomar a actividade de tertulia informal, lectura de prensa e xogos de mesa, nos seguintes horarios:

Na zona urbana, a Sala Municipal Celia e Esperanza Brañas, en Costa da Lonxa, permanecerá aberto de 15:15 a 21:00 horas, o Centro Cívico Municipal de Fonteculler Virxinia Blanco o fará de 17:00 a 21:00 horas e Vila Melania, de 09:00 a 13:00 horas pola mañán e de 16:00 a 20:00 horas pola tarde. Un servizo de conserxería levará o control do acceso en condicións sanitarias seguras.

Na zona rural, os centros sociais de Boedo e Peiro abrirán en horario de tarde.

Como marca a norma a día de hoxe, é imprescindible acceder a estes recintos con máscara e respetar en todo

momento as pautas que marca el protocolo sanitario .

”

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 5 DE NOVENBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro Sarabela: *A lingua das bolboretas*.

Público adulto. Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.”

2.3.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 1/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 21 de outubro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 1/2021, no que se ditou sentenza de data 20 de setembro de 2021 que estima o recurso contencioso administrativo interposto en nome e representación de D. P.D.M. e anula a resolución recorrida e, en consecuencia o chamamento efectuado en execución do acordo de data 19 de decembro de 2019 para substituír á titular do posto CE.4.1.08 da RPT, así como a posterior contratación como persoal laboral temporal de dona R.S.T. para substituír á titular do dito posto durante o período de excedencia voluntaria.

Na dita dilixencia de ordenación se acorda:

“- Declarar la firmeza de la Sentencia dictada.

- Remitir en el plazo de **DIEZ DÍAS** a la Administración demandada, junto con el expediente administrativo, dicha sentencia, requiriéndole para que la lleve a puro y debido efecto en el plazo fijado en la Ley y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo, debiendo en el plazo de diez días comunicar el órgano responsable de su cumplimiento.

(.../...)”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)